

**Artigo 2.** *Prazos de presentación de solicitudes para as axudas destinadas a paliar danos en vivendas e a entidades locais.*

Establécese o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde ministerial, para a presentación das solicitudes de axudas por danos en vivendas e enxoval, e a corporacións locais por gastos de emerxencia, previstas nos artigos 9 e 10 do Real decreto lei 2/2007, do 2 de febreiro, e reguladas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de marzo de 2007.–O ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba.

#### ANEXO

A Coruña:

A Pobra do Caramiñal; Padrón; Rianxo; Ribeira; Rois. Pontevedra:

A Illa de Arousa; Bueu; Caldas de Reis; Cambados; Cangas; Catoira; Cuntis; Marín; Meaño; Meis; Moaña; O Grove; Poio; Pontevedra; Portas; Ribadumia; Sanxenxo; Valga; Vilaboa; Vilagarcía de Arousa; Vilanova de Arousa.

## XEFATURA DO ESTADO

**4814** *CORRECCIÓN de erros da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.* («BOE» 58, do 8-3-2007.)

Advertidos erros na publicación da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 1 de decembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2349, segunda columna, artigo terceiro. Dous, b), primeira liña, onde di: «Cando o empresario profesional que.»; debe dicir: «Cando o empresario ou profesional que.».

Na páxina 2364, na disposición transitoria cuarta, onde di: «A responsabilidade tributaria establecida no punto catro do artigo quinto desta lei.»; debe dicir: «A responsabilidade tributaria establecida no punto cinco do artigo quinto desta lei.».

Na páxina 2364, na disposición transitoria quinta, onde di: «A nova redacción do punto 1 do artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establecida no punto cinco do artigo quinto desta lei.»; debe dicir: «A nova redacción do punto 1 do artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establecida no punto seis do artigo quinto desta lei.».

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**4816** *ORDE SCO/504/2007, do 5 de marzo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 58, do 8-3-2007.)

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006 e SCO/3283/2006 modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE, do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, a última delas mediante a Directiva 2006/78/CE, da Comisión, do 29 de setembro de 2006.

Mediante esta disposición trasponse esta directiva ao ordenamento xurídico interno, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do anexo II do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

O número de referencia 417 do anexo II do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, queda redactado do seguinte modo:

«417. Material da categoría 1 e material da categoría 2 segundo se definen nos artigos 4 e 5, respectivamente, do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e ingredientes derivados de tal material.»

**Artigo segundo.** *Prazo de comercialización, venda ou cesión.*

A partir do 30 de marzo de 2007 non poderán ser comercializados nin poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/78/CE, da Comisión, do 29 de setembro de 2006, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE, do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo II ao progreso técnico.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de marzo de 2007.—A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**4942** *REAL DECRETO 170/2007, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958.* («BOE» 59, do 9-3-2007.)

A renovación legislativa que se está a producir nos últimos tempos no ámbito do dereito de familia determina a necesidade de adaptar a normativa do Rexistro Civil a tales cambios. En particular, o obxectivo desta modificación regulamentaria estriba en lograr a adecuada coordinación do Regulamento do Rexistro Civil coa Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxa disposición adicional vixésima modificou a alínea segunda do artigo 58 da Lei do Rexistro Civil en materia de cambio de apelidos, e coa Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código Civil e a Lei de axuízamento civil en materia de separación e divorcio.

En canto á primeira das adaptacións citadas, hai que recordar que a alínea primeira do artigo 208 do Regulamento do Rexistro Civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958, en concordancia co previsto pola alínea primeira do artigo 58 da Lei do Rexistro Civil, dispón que «non será necesario que concorra o primeiro requisito do artigo 205 para cambiar ou modificar un apelido contrario ao decoro ou que ocasione graves inconvenientes ou para evitar a desaparición dun apelido español. Enténdese que un apelido ocasiona graves inconvenientes cando for estranxeiro ou, por calquera razón, leve consigo deshonra».

Os requisitos a que alude o citado artigo 205 do Regulamento do Rexistro Civil son os seguintes: 1.º Que o apelido na forma proposta constitúa unha situación de feito non creada polo interesado; 2.º Que o apelido ou apelidos que se traten de unir ou modificar pertencen lexitimamente ao petionario; 3.º Que os dous apelidos que resulten do cambio non proveñan da mesma liña.

A alínea segunda do artigo 208 do Regulamento do Rexistro Civil, pola súa parte, en correspondencia coa alínea segunda do artigo 58 da Lei do Rexistro Civil, establece a posibilidade de facer excepción da existencia de tales requisitos para efectos de autorizar un cambio de apelidos en supostos excepcionais, nos seguintes termos: «Cando se dean circunstancias excepcionais, e a pesar de faltaren os requisitos que sinala o citado artigo, poderase acceder ao cambio por decreto por proposta do Ministerio de Xustiza, con audiencia do Consello de Estado. En todos estes casos a oposición pode fundarse en calquera motivo razoable».

En consecuencia, todos os requisitos do artigo 205 do Regulamento do Rexistro Civil son dispensables cando concorran no caso concreto «circunstancias excepcionais», quedando a apreciación destas suxeita á discrecionalidade non do Ministerio de Xustiza, a quen neste caso corresponde só a facultade de iniciativa ou proposta pero non a de resolución, senón do Goberno, mediante real decreto e logo de audiencia do Consello de Estado.

É lóxico que o exercicio discrecional dunha potestade administrativa como a de dispensa para casos singulares dos requisitos establecidos con carácter xeral pola regulación legal do cambio de apelidos se rodee das máximas cautelas de procedemento e de competencia do órgano facultado para tal exercicio, evitando na medida do posible que o obxectivo de salvaguardar determinados intereses ou dereitos particulares en supostos excepcionais poida derivar en situacións de discriminación ou de vulneracións do principio de igualdade xurídica dos cidadáns.

A casuística da xenérica expresión utilizada polo artigo 208 do Regulamento do Rexistro Civil de «circunstancias excepcionais» pode abranguer casos en que a excepcionalidade veña acompañada pola urxencia e perentoriedade da súa apreciación por afectar á protección de dereitos fundamentais básicos como a vida ou integridade física da persoa afectada. Este é o caso en que se poden encontrar aquelas persoas, especialmente no caso das mulleres, que ven ameazada a súa seguridade persoal polo acoso moral ou físico que sofren no marco da violencia doméstica ou de xénero. Nestes casos a autorización do cambio dos apelidos de tales persoas, e eventualmente dos fillos que se encontren baixo a súa custodia e sometidos á mesma ameaza, pode representar un instrumento xurídico de protección útil como complemento a eventuais ordes xudiciais de afastamento ou outras medidas cautelares na medida en que dificulta a localización da vítima polo presunto agresor.

Agora ben, esta medida de protección pode devir totalmente ineficaz por consecuencia do desfase entre a perentoriedade da situación de risco, e a conseguente necesidade de protección, e a existencia da tramitación previa do complexo procedemento previsto polo artigo 208 do Regulamento do Rexistro Civil que require a proposta previa do Ministerio de Xustiza, audiencia do Consello de Estado e a posterior aprobación dun real decreto por parte do Goberno.

Por isto, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, deulle nova redacción á alínea segunda do artigo 58 da Lei do Rexistro Civil, antes transcrita, agregando ao seu anterior contido o seguinte texto: «En caso de que o solicitante da autorización do cambio dos seus apelidos sexa obxecto de violencia de xénero e en calquera outro suposto en que a urxencia da situación así o requira, poderá accederse ao cambio por orde do Ministerio de Xustiza, nos termos fixados polo regulamento».

A presente reforma, neste ámbito, ten por obxecto precisamente dotar do necesario desenvolvemento regulamentario a anterior previsión legal, facendo esta operativa. De conformidade co obxectivo da lei, a actual reforma persegue simplificar o procedemento de autorización de cambio de apelidos nos supostos indicados, coonestando a axilización deste coa urxencia da protección demandada pola vítima. Todo isto sen prexuízo de que en casos de simulación ou fraude se poida anular ou revogar a autorización do cambio dos apelidos a través das correspondentes accións e recursos.

### II

Por outra parte, esta reforma regulamentaria persegue un segundo obxectivo que é o de acomodar o Regulamento do Rexistro Civil ás modificacións introducidas pola citada Lei 15/2005, do 8 de xullo, de modificación do Código civil en materia de separación e divorcio. Así, resulta necesario acometer a reforma do actual artigo 263 do Regulamento do Rexistro Civil para adaptalo ás exigencias que impón a nova concepción da separación ou divorcio sen causa e sen culpa de ningún dos esposos. Esta nova concepción destas institucións resulta incompatible coa redacción actual do citado precepto regulamentario, no cal se prevé que «As inscri-